

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica
DECANOS/DIRECTORES
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
García Cutrín, Fco. Javier
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
López Ardao Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rguez.-Moldes, Covadonga

ESTUDANTES

Abelleira Acebedo, Pablo
Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Fernández Simoes, Miguel
Lima González, Estela

CONSELLO SOCIAL

Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Calviño Rodríguez, Xulio

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 31 de outubro de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 31 de outubro de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de setembro de 2022.

Acéptase a observación enviada á Secretaría Xeral por Álvaro López Mira sobre unha errata no informe do reitor, en relación co nome do seu centro. Ante a ausencia de outras observacións formuladas en tempo e forma, o reitor propón que a acta se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento coa corrección apuntada.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- O pasamento do profesor Antonio Rifón.
- Parabéns a Gonzalo Navaza polo seu ingreso na RAG.
- Primeiro volume do Cumieiro das Letras.
- Raúl Barciela Sánchez, Premio do Laser Institute of América.
- O reitor informa sobre a participación nos ránkings e a importancia do prestixio académico, á hora de valorar á nosa Universidade, con distintos gráficos que apoian a súa exposición. Entende que hai un salto entre os datos obxectivos que apoian a nosa investigación e a reputación que temos fóra. Tenta de concienciar sobre a importancia deste asunto á comunidade universitaria.

Conclúe o informe do reitor.

3. Aprobación, se procede, sobre o procedemento e os criterios de prelación para a saída a concurso de prazas de profesorado contratado doutor a tempo completo do profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, que expón o punto.

Na reunión da Mesa de negociación do 24 de outubro de 2022, aprobáronse o procedemento e os criterios de prelación seguintes:

1. A data de obtención da acreditación como profesorado contratado doutor pola ANECA ou pola ACSUG.
2. En caso de igualdade no criterio anterior, a antigüidade como profesorado axudante doutor.
3. En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, a antigüidade na Universidade de Vigo.
4. En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
5. No caso de igualdade nos catro criterios anteriores, a corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo entre o seu profesorado permanente.

En canto ao procedemento a seguir:

- A listaxe de profesorado contratado doutor interino priorizarase sobre a listaxe de axudante doutor acreditado a contratado doutor.
- Unha vez aprobadas a creación e a convocatoria das prazas polo Consello de Goberno, para facer efectivas estas convocatorias as persoas que ocupen a praza seleccionada deberán solicitar a transformación da súa praza actual a unha de profesorado contratado doutor interino.
- A listaxe de persoas acreditadas actualizarase por parte da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado cando se produza algunha das seguintes situacións:
 - Cando unha persoa pase a ocupar interinamente unha praza de profesorado contratado doutor.
 - Cando unha persoa que ocupe unha praza de profesorado axudante doutor e se atope na listaxe de profesorado acreditado a contratado doutor de universidade, sen ter rematado o seu período como axudante doutor, solicite ser eliminada da dita listaxe antes da convocatoria da praza correspondente.
- O profesorado incluído na listaxe, unha vez chegada a quenda para a saída a concurso da praza, poderá solicitar pasar ao final da listaxe.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da constitución dunha comisión académica na Facultade de Relacións Internacionais xunto co nomeamento dun vicedecano/a comisario.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o estado desta cuestión.

Solicitud de da Decana comisaria:

- A imposibilidade de constituír a Xunta da Facultade de Relacións Internacionais motiva a solicitude dirixida ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, para crear a Comisión académica do Grao en Relacións Internacionais coas competencias que considere oportunas, pero que debería cubrir as cuestións de docencia, recoñecemento de créditos e calidade propias dun grao.
- A carga de xestión que representa a posta en marcha da Facultade de Relacións Internacionais motiva igualmente que se lle solicite ao vicerreitor o nomeamento dun vicedecano/a comisario.

Informe de Asesoría Xurídica:

- Posto que, segundo se indica, non resulta posible cumprir o previsto na normativa vixente, calquera situación provisional e excepcional debe ser valorada e regulada polos órganos de goberno con competencia na materia e non lle corresponde valorar a esta asesoría unha actuación á marxe dos procedementos establecidos.

Na súa reunión do 26 de outubro de 2022, a COAP aprobou, por asentimento, informar favorablemente a seguinte proposta:

- O nomeamento dun vicedecano/a comisario pola singularidade dunha titulación de grao nova, bilingüe e interuniversitaria que comparte grupos de estudantes en liña coa Universidade da Coruña (Campus de Ferrol).
- A creación da Xunta de Centro, segundo o artigo 38 dos Estatutos da Universidade de Vigo, cos membros que na actualidade están adscritos ao centro.

Apróbase a proposta da COAP, por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a aprobación de verificación e de modificación de titulacións de grao, mestrado e doutoramento para o curso 2024/2025.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, para que expoña o punto.

Antecedentes

- Acordo entre as tres universidades galegas para presentar un calendario común debido ao incremento de títulos interuniversitarios.
- Necesidade de adiantar o calendario para poder axustarse ao RD 822/2021, cuxo artigo 27.3 indica que o inicio da impartición da docencia do título universitario oficial non poderá ter lugar

ata a súa publicación no Boletín Oficial do Estado e a súa inscrición no Rexistro Universitario de Centros e Titulacións (RUCT).

- Acordo entre as tres universidades galegas e a Secretaría Xeral de Universidades no calendario presentado.

Na súa reunión do 26 de outubro de 2022, a COAP aprobou, por asentimento, informar favorablemente a seguinte proposta:

- Mesmo procedemento que nos cursos anteriores.
- Actualización de acordo coa definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia para o período 2022-2026.
- Actualización co novo RD 822/2021.

Calendario para graos e mestrados:

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2022/2023)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Xunta de Centro Equipo de Goberno	Ata o 25 de novembro de 2022	– Envío por Correo electrónico ¹ dos seguintes documentos: 1. Declaración de intencións de presentación do Grao /Máster, acompañada da composición da comisión redactora da memoria. Remisión a VPDT e difusión á comunidade universitaria.
Difusión á comunidade universitaria	VOAP/SXEG/SXEP	Desde o 28 de novembro ata 14 de decembro de 2022	– Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP e Consello de Goberno	Ata o 27 xaneiro de 2023	– Acordo da COAP e do Consello de Goberno
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Xunta de Centro	Ata o 13 de abril de 2023	– Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á Reitoría	Secretaría/o do centro	Ata o 14 de abril de 2023	– Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da Memoria económica segundo formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria no centro/titulación. 5. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)
Exposición pública á Comunidade Universitaria no web da Universidade	VOAP/SXEG/SXEP	17 de abril de 2023. (15 días naturais)	– Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	– As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico ¹
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	SXEG/SXEP	Ata o 19 de maio de 2023	– Dende os Servizos revisaranse as propostas – Envío do informe técnico por correo electrónico, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	Xunta de Centro	Ata o 1 de xuño de 2023	– Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (Grao) ou ao SXEP (Máster)	Secretaría/o do Centro	Ata o 2 de xuño de 2023	– Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 2. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.
Informe da COAP	COAP	Xuño 2023	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Xuño 2023	
Informe do Consello Social	Consello Social	Xuño 2023	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VOAP	30 de xuño de 2023	
Subida da memoria do título a sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/ SXEG/SXEP/VOAP	1 de setembro a 15 de outubro de 2023	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación Ministerio con competencias

Calendario para doutoramento:

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2022/2023)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) Grupos/equipos de investigación Equipo de Goberno	Ata o 25 de novembro de 2022	- Correo electrónico a eido.verifica@uvigo.es segundo formato normalizado dos seguintes document 1. Declaración de intencións de presentación do programa de doutoramento, acompañada composición da comisión redactora da memoria.
Difusión á comunidade universitaria	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado / SXEP	Desde o 28 de novembro ata 14 de decembro de 2022	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta aos requisitos xerais e á estratexia institucional	EIDO e Consello de Goberno	Ata o 27 de xaneiro de 2023	- Acordo do Consello de Goberno previo informe da Comisión Permanente da EIDO
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD ²)	Ata o 13 de abril de 2023	- Segundo o establecido na propia CAPD
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 14 de abril de 2023	- Envío por correo electrónico (eido.verifica@uvigo.es), en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD 5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)
Exposición pública á Comunidade Universitaria na web da Universidade	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado / SXEP	17 de abril de 2023. (15 días naturais)	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	EIDO	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico a eido.verifica@uvigo.es
Avallación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	EIDO	Ata o 19 de maio de 2023	- Dende a EIDO revisaranse as propostas de programas de doutoramento - Envío do informe técnico por correo electrónico aos/as coordinadores/as, indicando os aspectos se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	CAPD	Ata o 1 de xuño	- Segundo o establecido pola CAPD
Remisión da documentación da proposta definitiva á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 2 de xuño	- Envío por correo electrónico (eido.verifica@uvigo.es) en formato WORD dos seguintes document 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas. 2. Memoria de verificación/modificación segundo formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.
Informe da EIDO	EIDO	Xuño 2023	Incorporar á documentación do paso anterior, para Consello de Goberno
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Xuño 2023	
Informe do Consello Social	Consello Social	Xuño 2023	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VOAP	30 de xuño 2023	
Subida da memoria do título a sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/EIDO/SXEP	1 de setembro a 15 de outubro de 2021	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao Ministerio con competencias

O reitor comenta certas observacións sobre os puntos que aparecen en amarelo.

Propostas achegadas desde a EIDO:

- Incluir o parágrafo correspondente ao RD 822/2021:

O Real Decreto 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, regula as condicións para verificar e modificar os plans de estudos e o establecemento do carácter oficial das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento.

- Incluir como responsable da presentación de declaración de interese a EIDO.
- Substituír como órgano de emisión de informe para a valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta aos requisitos xerais e á estratexia institucional a Comisión Permanente polo Comité de Dirección.

Rebeca Díaz pide a palabra para preguntar sobre un dos documentos que hai que cubrir. Alfonso Lago o aclara.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da modificación dos títulos adscritos aos novos centros creados na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña este punto.

Antecedentes

- Creación das facultades de Relacións Internacionais, de Deseño e de Dirección e Xestión Pública.
- Necesidade de modificar a memoria dos títulos adscritos ás ditas facultades para o cambio de centro.
- Necesidade, se é preciso, de adaptar o formato da memoria ao novo RD 822/2021.

Na súa reunión do 26 de outubro de 2022, a COAP aprobou, por asentimento, informar favorablemente a seguinte proposta:

CÓDIGO	CENTRO	TITULACIÓNS	MODIFICACIÓNS
36020805	Facultade de Relacións Internacionais		
		Grao en Relacións Internacionais (coordina a UDC)	Cambio de centro
36020787	Facultade de Deseño		
		Grao en Deseño	OK
		Mestrado universitario en deseño e dirección creativa	Cambio de centro Adaptación ao RD 822/2021
36020799	Facultade de Dirección e Xestión Pública		
		Grao en Dirección e Xestión Pública	Cambio de centro Adaptación ao RD 822/2021
		Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional	Cambio de centro Adaptación ao RD 822/2021

Álvaro López Mira comenta algúns erros ortográficos na documentación aportada sobre este punto.

Apróbanse as modificacións propostas por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da modificación das normativas de TFG e de TFM.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña este punto.

Antecedentes

- Necesidade de actualización da normativa consonte o novo RD 822/2021.
- Inclusión no plan de financiamento da Xunta de Galicia do indicador de publicación anual de TFG e de TFM no Portal de transparencia.
- Visualización da información da autoría dos traballos.

Na súa reunión do 26 de outubro de 2022, a COAP aprobou, por asentimento, informar favorablemente a seguinte proposta:

PREÁMBULO:

- Adaptación ao RD 822/2021.

ARTIGO 3: Da definición do traballo de fin de grao

- Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e nas condicións previstas na lexislación vixente. *A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da UVigo; no caso de haber varias persoas titulares, todas deberán estar de acordo na dita autorización.*

(engádese o texto resaltado).

Disposición transitoria:

- *A autorización prevista no artigo 3.4. da presente normativa poderá concederse de xeito retroactivo respecto dos traballos defendidos antes do curso 2022/2023. Esta disposición transitoria substitúe a disposición final da modificación desta normativa aprobada o 13 de novembro de 2018.*

(engádese a Disposición Transitoria)

Rebeca Díaz pregunta se é necesario que os estudantes autoricen a difusión do traballo e o secretario xeral aclara que se trata dun dereito moral do autor, recollido na LPI, con carácter persoal e intransferible.

Rebeca Díaz comenta que existe un repositorio propio do seu centro e pregunta se se poderán publicar na plataforma de universidade. O reitor aclara que non será posible facelo neste mes. Rebeca Díaz pide que se dean instrucións para facer o cambio desde o seu repositorio ao da universidade.

Ruth Davila pregunta que sucede se hai varios autores. Neste caso, terían que autorizar todos.

Apróbanse por asentimento as modificacións propostas.

8. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña o punto.

- Está motivado pola necesidade de adaptación á Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación
- Se trata de fixar datas para as convocatorias (dúas veces ao mes) e a publicación das listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas/excluídas (nun prazo máximo de 7 días hábiles).
- Hai que clarear as categorías conforme os niveis MECES Estudiar as prórrogas de contratos.

Apróbase a proposta por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da creación do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña o punto.

- Aprobado pola Comisión de Investigación o 1 de setembro de 2022 tras as alegacións (cambio de denominación e readaptación).
- Aprobado no Claustro do 7 de outubro de 2022.
- Avaliación favorable de tres avaliadores externos.

A vicerreitora expón nunhas diapositivas as liñas mestras da proposta de creación do Instituto, que inclúen a axenda científica, promotores e capacidades, eixes prioritarios e valores transversais.

O reitor aclara que esta actuación se enmarca na política de creación de institutos universitarios impulsada pola Xunta de Galicia e que apoia a universidade.

Apróbase a creación do Instituto por asentimento.

10. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo correspondente ao 2021.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade, Maribel Doval, quen expón o informe sobre a nosa acción social a través da *Memoria de Responsabilidade Social (RSU)*, a cal vai máis aló do cumprimento da normativa e implica a realización de actividades nas dimensións económica, ambiental e social da súa contorna máis próxima. Para a súa realización empregáronse datos do curso 20-21 aportados polas diferentes unidades e servizos. A redacción foi coordinada pola Unidade de Análises e Programas e a Dirección de Área de Benestar, Equidade e Diversidade.

DATOS BÁSICOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

POSICIÓN NOS RANKINGS

- Ranking Shanghai (ARWU) 501-600
- THE (Times Higher Education) 1001-1200
- **THE Impact: 201-300.** Este ranking ten como obxectivo medir o impacto das universidades na sociedade baseado no seu éxito no cumprimento dos ODS da Axenda 2030. Os resultados da UVigo son positivos, en liñas xerais, e moi bos nos ODS 7: Enerxía accesible e non contaminante; ODS 4: Educación de calidade; ODS 9: Industria, innovación e infraestrutura e ODS 17: Alianzas para lograr os obxectivos. A UVigo acada o posto 22 na súa puntuación global en España e atópase no intervalo 201-300 no ámbito mundial. No informe pódese ver tamén, con respecto a cada ODS, a posición da UVigo no devandito ranking.

AXENDA 2030. Con respecto á sensibilización e fomento do coñecemento da Axenda, a Universidade de Vigo, por medio da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización



e Cooperación, organizou durante 2021 diferentes accións destinadas á comunidade universitaria, así como ao público en xeral.

AXUDAS URXENTES E EXCEPCIONAIS COVID-19 (bolsas destinadas a atender as necesidades do estudiantado da UVigo en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento, afectado polas consecuencias económicas da declaración do estado de alarma que lle impida ou dificulte a continuidade nos estudos).

A RESPONSABILIDADE SOCIAL NOS PROCESOS DE ENSINANZA-APRENDIZAXE: Convocatoria de Aprendizaxe-Servizo.

A RESPONSABILIDADE SOCIAL NA INVESTIGACIÓN, NA DIVULGACIÓN E NA TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO. Accións que responden aos criterios fundamentais sobre investigación responsable (RRI) acordados no ámbito internacional e o selo de HRS4R.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ATENCIÓN PSICOPEDAGOXICA (Medidas de apoio á inserción de persoas con necesidades específicas)

- Discapacidade: 289 estudantes (228 grao / 42 mestrado / 19 doutoramento) / 31 PAS / 25 PDI. TOTAL: 345 MEMBROS DA UVIGO
- As principais accións organizadas polo programa PIUNE durante o curso 2020/2021.
- Voluntariado e bolsas propias para apoiar ao estudiantado PIUNE.
- Convenios de cooperación con colectivos implicados con persoas con capacidades diferentes.
- Participación en diferentes proxectos europeos que teñen como finalidade fomentar a mobilidade internacional de alumnado con necesidades específicas e con risco de exclusión social

A UNIVERSIDADE DE VIGO E O MEDIO AMBIENTE

RESPONSABILIDADE NA CADEA DE APROVISIONAMENTO

TRANSFERENCIA SOCIAL E CULTURAL

PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO E A COOPERACIÓN

SAÚDE E DEPORTES

COMPROMISO COA LINGUA

PROMOCION DA IGUALDADE DE XÉNERO E A INTEGRACIÓN. No Consello de Goberno do 20 de novembro de 2020 aprobouse o III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024 cunha vixencia temporal de 4 anos. Continúa a participación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Segue activa a Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO financiada pola Deputación de Pontevedra

SITUACIÓN ADMINISTRATIVA POR CONCILIACIÓN FAMILIAR.

ALUMNI. A comunidade alumni-UVigo é un servizo creado en febreiro de 2021 pola Universidade de Vigo co obxectivo de xerar un novo espazo de comunicación que permita non só manter activo

o vínculo entre a institución e as persoas que nalgún momento mantiveron con ela unha relación académica ou contractual, senón tamén dentro do propio colectivo.

RESPONSABILIDADE SOCIAL E COOPERACIÓN. Seguimos participando na *RGCUD: Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento* integrada polas Universidades do SUG e financiada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores. No ano 2021, convocáronse por vez primeira as axudas económicas destinadas ao alumnado beneficiario ou demandante de protección internacional. O seu obxecto é facilitarlles ás persoas refuxiadas e demandantes de asilo a realización de estudos universitarios, preferentemente oficiais, que permitan a súa integración no noso país.

ACCÍONS DESENVOLVIDAS POLA VALEDORÍA UNIVERSITARIA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Datos QSP

BENEFICIOS SOCIAIS para o persoal da nosa universidade.

PREVENCIÓN DE RISCOS. Ademais dos datos sobre casuística atendida, coa aparición da covid-19 realizáronse manuais, guías e medidas de prevención e protocolos de actuación.

Remata o informe.

11. Aprobación, se procede, do cambio de nome da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que sinala que o cambio é proposta do Claustro Universitario a petición da Xunta de Facultade do centro.

Apróbase o cambio por asentimento.

12. Nomeamento, se procede, dos/as seguintes membros da Comisión de seguimento e avaliación do Plan de Aforro Enerxético: 1 PAS, 1PDI, 1 estudante, 1 representante dos decanatos/direccións de cada ámbito por campus.

O reitor fai a proposta de membros:

- PAS:
- PDI: Iris Machado de Oliveira
- Estudante: Manuel Diz Folgar
- Representantes dos decanatos/direccións de centros:

Campus de Pontevedra: Vicente Romo Pérez

Campus de Ourense: Humberto Michinel Álvarez

Ámbito científico: Mercedes Gallardo Medina

Ámbito tecnolóxico: Juan Enrique Pardo Froján

Ámbito xurídico-social e humanidades: José Montero Reguera

Resultan nomeadas por asentimento as persoas propostas.

13. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; e 1 estudante do ámbito Xurídico-Social.

O reitor indica que se presentou a candidatura de Alexo Breogán Riobóo Lois como estudante do ámbito Xurídico-Social.

Resulta elixida a persoa candidata.

14. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Álvaro López Mira enviou a seguinte pregunta á Secretaría Xeral: “¿Hai algún motivo para que na páxina web da Universidade de Vigo apareza na listaxe de Centros o "Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE)"? Obtemos algo por esa publicidade a unha institución que rexeitaron todos os órganos de goberno e representación da Universidade de Vigo, entre outras cousas porque ten titulacións que duplican a oferta da mesma, ou é completamente de balde? Nunha listaxe que está completamente desordenada alfabeticamente, complicando a busca de Facultades e Escolas, IESIDE e o Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín aparecen nos lugares máis visibles (primeiro e último) e, por certo, ambos coinciden en non posibilitar a lectura na lingua propia da Universidade de Vigo nin sequera con tradutor automático”. O reitor indica que de momento temos que manter a relación con IESIDE, en tanto manteñan o alumnado que entrou co réxime anterior, que depende da Universidade de Vigo. Os datos beben directamente da aplicación de Xescampus, pero pode estudarse un cambio para que non aparezan de primeiros.

Rebeca Díaz pregunta polo servizo de reprografía da súa Escola, por se está prevista unha concesión a outra empresa. José Luís Míguez informa sobre este asunto, que depende do resultado dun futuro concurso que, neste momento quedou deserto e todo parece indicar que é o final dun xeito de funcionar. Comenta diversas incidencias sobre o servizo e o sistema de pago por follas, así como distintas ubicacións posibles. Rebeca Díaz pregunta polos prazos. José Luís Míguez sinala que posiblemente o novo servizo comezará a finais desta semana e incluírá un servizo de recollida noutros puntos do Campus. O reitor sinala que haberá que buscar solucións cara ao futuro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:03 h. do día 31 de outubro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.